

# 1º BOLETÍN INFORMATIVO

# 14ª Proba Liga Aromon ChemaSport 2018

Domingo, 2 de decembro de 2018

**ACIBAL**



## Información Xeral

Seguimos coa **VII Edición da Liga AROMON Chema-Sport**.

A Liga Local AROMON ChemaSport é unha iniciativa do Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo que ten como obxectivo iniciar no deporte da orientación a todo aquel que o desexe.

Esta 14ª proba, será o **domingo 2 de decembro 2018, a partir das 10:30horas**.

**Agardámoste!!!**

## Programa

Presentamos o **programa provisional** desta proba:

- **14 LACHS 2018 - ACIBAL**
- **10:30** - Recepción de participantes.
- **10:45** - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- **11:00** - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- **12:00** - Últimas saídas (non se poderá tomar a saída despois desta hora).
- **13:00** - Peche de meta.

## Modalidades e Categorías


A **MODALIDADE** desta duodécima proba será a **Orientación a Pé**. Os deportistas deberán completar o percorrido sinalado no mapa, que a organización entregará na saída, no menor tempo, sen fallos e coa única axuda dun compás.

### CATEGORIAS:

- **Iniciación nenos (individual ou grupo)**, categoría pensada para os nenos cun nivel de esixencia física e técnica baixo. Se son menores de 10 anos, é preciso que a fagan acompañados dun adulto. Se son de 10 ou máis anos, poden ir en grupo ou sós.
- **Iniciación adultos (individual ou grupo)**, categoría pensada para os adultos (e nenos con experiencia) cun nivel de esixencia físico e técnico medio pero adaptado a persoas adultas.
- **Avanzado (individual)**, categoría pensada para nenos e adultos con experiencia en competición cun nivel de esixencia físico e técnico máis alto (só poderán inscribirse nesta categoría persoas federadas en orientación).

## Percorridos:

PERCORRIDO	TEMPO ESTIMADO GANADOR	Nº CONTROIS	DISTANCIA	DESNIVEL
INICIACIÓN NENOS	35'			
INICIACIÓN ADULTOS	35'			
AVANZADO	35'			



**Localidade:** Acibal

**Escala:** 1:10000

**Equidistancia:** 5 m

**Descrición do terreo:** Zonas abertas, abundante auga; zonas de bosque de diferente penetrabilidade. En xeral, carreira rápida e desnivel moderado.

## Lugar e cómo chegar

**ACIBAL (zona secretaria e aparcamento):**

**<https://goo.gl/maps/MLA8XSM9kAq>**

## Inscripcións

A inscrición na proba poderá realizarse na seguinte web:

<https://aromon.es/inscripciones/14lachs/>

- Se tes algún problema na inscrición, ou consulta, ponte en contacto connosco: [lachs@aromon.es](mailto:lachs@aromon.es)
- **Existirá un límite de prazas: 200** (si se cubriren priorizarase por orde de inscrición, e crearíase unha lista de agarda)

**i En todos os casos o prazo de inscrición remata o mércores 28 de novembro ás 22:00 horas !**

## Prezos e formas de pago

Tipo Inscrición	Prezo
Soci@ do club Federado FEDO (AROMON)	0€
Federad@ FEDO de 15 anos ou menos	0€
Nen@s de 15 anos ou menos (non federad@s)	2€
Soci@ do club NON federad@ FEDO	4€
Federad@ FEDO non soci@ do club (>15 anos)	8€
Non soci@ de 16 anos ou máis	6€

## Información básica e de seguridade

1. Debes **presentarte na Secretaría** ao chegar para comprobar os datos de inscrición e recoller a pinza SportIdent.
2. Na saída recorda: **limpar e comprobar** a pinza SportIdent, é a túa responsabilidade.
3. Existirán **horarios de saída establecidos**.

4. É **obligatorio pasar por meta e efectuar a descarga da tarxeta Sportident**, aínda que se produza o abandono, para que este feito conste á organización.
5. Para a realización do percorrido, o competidor pode contar coa axuda dun **compás**, ademais do **mapa aportado pola organización**.
6. Recorda devolver o material prestado.
7. É recomendable levar roupa deportiva cómoda e unha muda de reposto.
8. As competicións de orientación baséanse no **RESPECTO**:
  - a. Á natureza
  - b. Aos cultivos e propiedades privadas
  - c. Aos outros competidores
  - d. Ás indicacións do persoal da organización.

**¡DEBERASE OFRECER AXUDA A CALQUERA PARTICIPANTE MANCADO!**

## Patrocinadores e Colaboradores



*Casino Mercantil e Industrial  
Pontevedra*